



## CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade co establecido na *Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 29 de setembro) realizarase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- A directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o **mércores 27 de outubro ás 11.30 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
C.E.I.P. VICENTE OTERO VALCÁRCEL CARRAL - A CORUÑA	
DATA:	25/10/2021
SAÍDA nº:	32

Carral, 25 de outubro de 2021

A DIRECTORA



Asdo: Cristina Pedreira Fuentes



## ANUNCIO SORTEO PÚBLICO CONSTITUCIÓN MESA XUNTA ELECTORAL

No artigo Segundo da Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos establécese que a Xunta Electoral constituirase entre os días 2 e 5 de novembro regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril.

Con tal motivo, o día **27 de outubro de 2021** farase o sorteo público dos membros da Xunta Electoral, así como dos membros suplentes, no lugar e hora abaixo indicados.

Lugar: **sala de mestres**

Hora: **11:30**

Carral, 25 de outubro de 2021

A DIRECTORA

Asdo: Cristina Pedreira Fuentes

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
C.E.I.P. VICENTE OTERO VALCÁRCEL CARRAL - A CORUÑA	
DATA:	25/10/2021
SAÍDA nº:	32